

Experiencias sobre Lectura e Familias

Biblioteca Escolar IES Rego de Trabe

Xornada Bibliotecas Escolares de Galicia

Santiago de Compostela, 12/11/22



“Si hoy quiero explicar mi relación con las letras, íntima y apasionada, tengo que evocar una casa, la de mi propia infancia, en la que se leía en voz alta”.


Juan Mayorga, discurso de entrega do Premio Princesa de Asturias das Letras 2022

<https://latintainvisible.wordpress.com/2015/11/14/mi-padre-lee-en-voz-alta/>

Mi padre lee en voz alta

Publicado el [noviembre 14, 2015](#) por [latintainvisible](#)

Juan Mayorga



Juan Mayorga. Foto: Begoña Rivas

A través de la voz de mi padre nuestras cabezas se llenaban de personajes, de imágenes, de ideas.

Mi padre me enseñó a leer: yo le leía una página de la cartilla a cambio de que él me leyese un cuento. También me enseñó a amar los libros, y lo hizo del mejor modo posible: leyéndolos él. Mi padre lee en voz alta. Uno de mis recuerdos infantiles más vivos es el de su voz extendiéndose por la casa desde el lugar en que él estuviese leyendo. Mientras mi hermano

Alfredo y yo jugábamos a las chapas, la voz de nuestro padre se nos colaba por los oídos transportando el libro que él tuviese entre manos. Mis hermanas Teresa y Cristina comparten ese recuerdo: nuestra casa estaba llena de palabras.

Marilar Aleixandre Premio Nacional de Narrativa 2022

BiosBardia

O país dos libros en galego



Marilar Aleixandre. XOÁN ÁLVAREZ.

Cal é o primeiro libro que recorda ter lido?

Na miña casa de Ceuta había un tocadiscos, talvez non fose frecuente nos 50, mais Ceuta era porto franco e había máis chintófanos que noutros lugares. escoitabamos unha e outra vez un disco con contos de Andersen, lembro “O soldadiño de chumbo”, unha historia singular que non ten un final feliz. En papel un dos primeiros foi Cinsenta, recortado en forma de rapaza, que levaba no pé un zapatiño de plástico (non de cristal, claro). Algo máis tarde lin as historias de Celia, de Elena Fortún, onde aprendín a escribir diálogos.

EDUCACIÓN >

Los niños que leen en casa con sus padres llevan medio curso de ventaja respecto a los que no lo hacen

La diferente comprensión lectora forjada en el entorno familiar sobre los ocho o nueve años va abriendo una brecha que estalla en secundaria, advierten los expertos

IGNACIO ZAFRA

Valencia - 28 OCT 2022 - C

Si los alumnos ven a sus padres y apoderados leyendo, se creará en ellos la cultura de la lectura. Lo mismo ocurrirá si es que observan a sus profesores entusiasmados por leer en la escuela.

Por Marcela Paz Muñoz Illanes

Ler en familia

Ler coas familias

POR QUE NON?



A nosa experiencia: estamos (case) comezando

❑ Centro inaugurado no Curso 2015-2016 —→ 113 alumnos en 1º e 2º ESO

-Equipo de Biblioteca : 3 docentes

-Incorporación ao PLAMBE no curso seguinte

❑ Incorporación Claustro doutro Centro 2020-2021


❑ Curso 2022-2023 —→ 660 alumnos ESO, BAC e ESA

-Equipo de Biblioteca: 6 docentes



Biblioteca Escolar IES Rego de Trabe

- Xestión e organización da sala de lectura e traballo.
- Servizo de préstamo e catalogación.
- Actividades conmemorativas
- Actividades de dinamización lectora:
 - Hora de ler e Caixas de lectura
 - Club de lectura Vagalumes (ESO)
 - Club de Lectura histórica (Bacharelato)
 - Club de Historia galega (ESO)





Ler coas familias

Ler en familia




POR QUE NON?

Os nosos obxectivos

- Procurar a **retroalimentación** e a reciprocidade no fomento da lectura no ámbito familiar e no ámbito escolar.
- Converter as **familias en axentes incentivadores da lectura**.
- **Difundir audiovisualmente as recomendacións de lectura** de nais e pais entre outras nais e pais, incentivando así a lectura desas recomendacións.
- **Implicar o alumnado na incentivación da lectura no ámbito familiar**, nomeadamente en galego, recollendo e gravando audiovisualmente recomendacións de lecturas que fagan os membros da súa familia.
- Dar a coñecer, **visibilizar**, recomendar e difundir propostas de **lecturas en galego de todos os xéneros**, temáticas e para todas as idades.
- Dar a coñecer os servizos, os fondos e a actividade da **Biblioteca no conxunto das familias** do alumnado do IES.

Primeira experiencia CLUB DE LECTURA DE ADULTOS

- Arrancou no mes de abril
- Integrado por 4 docentes e 5 familias
- Encontro literario co escritora Antía Yáñez no mes de xuño





Antía Yáñez
SENLLEIRAS


*A novela das mulleres
que rachan co silencio*

ILLA NOVA 2016
PREMIO DE NARRATIVA
EDITORIAL GALAXIA



Stefan Zweig
Carta de una desconocida

**Club de lectura
de adult@s**



Reúñense na
biblioteca
do centro para falar
dos libros propostos,
intercambiar
impresións, propor
lecturas...

Segunda experiencia

DIFUSIÓN DA LECTURA NAS FAMILIAS A TRAVÉS DO AUDIOVISUAL

- Consistiu en gravar audiovisualmente reflexións e recomendacións de lecturas por parte de membros da comunidade escolar para incentivar a lectura deses libros nas familias.
- A Biblioteca como fonte de recursos: kit de gravación con croma, ipad, trípodas, micrófonos...
- Diferentes formatos de presentación: Bookshelftour, Conversas con familiares, Booktrailers, Booktuber.

BOOKSHELFTOUR

Explicar e comentar os libros que hai na casa, ensinando os estantes, comentando algúns libros especiais, os que gustaron máis, recomendando algún, algunha curiosidade... Tamén, de paso que se fai ese “tour” polos estantes e libros da casa, comentando a relación coa lectura etc.

A familia de Xiana



A familia de Lucía



ENTREVISTAS A FAMILIARES

Tamén se fixo unha serie de vídeos de entrevistas e/ou conversas directas por parte de alumnos/as a familiares sobre a relación cos libros. Comentarios, libros favoritos, recomendacións, etc.

A familia de Anghelina


A familia de Alicia



BOOKTRAILER/ ANUNCIO DE LIBROS

▣ Promocionar libros, a modo de anuncio publicitario.

-O traballo da alumna María Pose Fariña sobre o libro *A afogada* de Rocío Leira foi recoñecido co primeiro premio no V Certame de Booktrailers do IES Pontepedriña, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.





BOOKTUBER- RECOMENDACIÓNS DE LECTURAS

-Outros vídeos fixéronse para fomentar a lectura, facer recomendacións de libros axeitados para nais e pais e promover a reflexión e análise sobre estes .

Terceira experiencia Cita a cegas con un libro

Para fomentar o libro e a lectura entre toda a comunidade do IES, tanto alumnado como profesorado, para promocionar o servizo de préstamo da biblioteca e contribuír a descubrir novos libros, deseñouse a actividade Cita a cegas cun libro.







Cuarta experiencia

Lectura de prensa en familia

- Con alumnado de 1º ESO
- Difundir e dar a coñecer os medios de comunicación en galego para o fomento da lectura da prensa en familia.
- Creouse o documento “Dez motivos para ler a prensa en familia” e envióuselles ás familias do alumnado de 1º da ESO xunto cun exemplar de Nós Diario.

DEZ MOTIVOS PARA LER A PRENSA EN FAMILIA



- 1. PARA COMENTAR A REALIDADE DO MUNDO**
Axudarás a que se crean unha visión do mundo e o simple feito de verte lendo con interese fomentará o seu propio interese pola lectura.
- 2. PARA AMPLIAR OS COÑECEMENTOS DE TODA A FAMILIA**
Ler os suplementos e cadernos culturais pode ser un modo de aprender xuntas/os. Pídelle que che lea en voz alta mentres ti fas algo e comentade o contido.
- 3. PARA ESPERTAR A CURIOSIDADE E O DESEDO DE ESTAREN BEN INFORMADAS/OS**
Intenta buscar un momento para comentar a actualidade de forma divertida e relaxada, así resultarlles agradable e aprenderán a expresar a súa opinión e os seus sentimentos sobre o que sucede.
- 4. PARA DESENVOLVER OS SEUS HÁBITOS LECTORES**
Ler periódicos e revistas tamén e ler, procura ter por casa algúns adecuados á súa idade que chamen a súa atención.
- 5. PARA XOGAR CON DIVERSOS CÓDIGOS DE COMUNICACIÓN**
Ver a linguaxe dos titulares, as imaxes, as tiras cómicas ou usalos para recortar, facer actividades creativas ou inventar historias é outro modo de achegalos á prensa.
- 6. PARA CULTIVAR A SÚA SENSIBILIDADE**
No xornal poden achegarse á lectura de temas que as/os conmoven e preocupan (fame, guerras, bullying...) Presta atención á súa reacción e axúdao/a recoñecer e expresar as súas emocións; a entender as causas dos problemas e a reflexionar sobre posibles solucións.

7. PARA COMPARTIR MOMENTOS DE OCIO

Aproveitade os pasatempos, ademais de seren divertidos son magníficos para desenvolver as competencias.

O periódico pode darnos tamén ideas para planificar actividades que aparecen recollidas na axenda cultural das súas páxinas.

8. PARA FACER QUE PENSEN

Reflexionade sobre o que hai detrás do tratamento das noticias e comparade o que se di sobre o tema noutros medios como a radio ou a televisión, axudaredes a que desenvolvan o seu pensamento crítico.

9. PARA SACARLLE PARTIDO Á INTERNET

Se dispoñemos de acceso á internet podemos dedicar un pouco de tempo diario a ler e comentar as novas. Tamén poden ser unha fonte de información actualizada para os seus traballos (reportaxes temáticas, entrevistas, etc).

10. PARA AXUDAR A QUE DEFINAN OS SEUS PROPIOS VALORES

Procura que relacionen o que ledes coa vida cotiá, dese modo entenderán pouco a pouco a complexidade do mundo que as/os rodea.

E LEMBRA: Se un día non atopades tempo que dedicarlle, non pasa nada, intentádeo ao día seguinte.

Se estás interesada/o en coñecer máis consellos sobre como traballar cos xornais na casa, podes atopala en *Leer periódicos en casa. Guía para las familias*, do Proxecto Mediascopio Prensa, do Ministerio de Educación.



BIBLIOTRABE

Equipos de
Dinamización
do Lingua Galego



RECO DE TRABE

Quinta experiencia Encontros con autores

Conversa con Séchu Sende, para falar do seu libro *Made in Galiza*.

-En horario escolar e emitida tamén a través de Instagram para poder ser seguida polas familias.

Ao autor entrevistárono dúas alumnas e un alumno de 1º de Bacharelato que forman parte do Club de Lingua, e falaron de temas como a transmisión familiar da lingua, a socialización en galego ou a importancia da literatura como método de lecer.



Tamén nos visitou Antía Yáñez. Neste caso para participar nunha conversa coas nais e pais participantes no Club de Lectura de Persoas Adultas, a raíz da lectura do seu libro *Senlleiras*.



Novo curso: novas experiencias

- Mantemos o Club de lectura de Adultos con 10 novas incorporacións.
- Creamos un Recuncho de lecturas para familias e un Taboleiro de Novas bibliográficas na Sala de profesores.
- Arrancamos ca Radio escolar.
- Seguimos argallando.....



MOITAS GRAZAS

Instagram: [bibliotrabe8](#) e tamén [regodetrabe](#)

Bitácora: <http://bibliotrabe.blogspot.com>

Correo electrónico: bibliotrabe@gmail.com

